**Data asento: 06/09/2022 13:17:10**  
**Nº Rexistro: 40357**  
Data envío: 06/09/2022 13:17:10.706

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2022 13:17:08**

CSV: BOPGDSPG-nPns6ReoZ-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30208**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Marina Ortega Otero, sobre **"a implantación do servizo de hospitalización a domicilio e a situación laboral dos seus profesionais"** (publicada no BOPG número 278 do 17 de febreiro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego na sesión celebrada o 31 de marzo do 2022 no debate da iniciativa con número de rexistro 30207 presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=MGQ0N2IyNzltZTJhYi00OWM1LWJlYzktMWUzYzQxYmM5MjM2&start=5060](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MGQ0N2IyNzltZTJhYi00OWM1LWJlYzktMWUzYzQxYmM5MjM2&start=5060)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/09/2022 13:16:45**  
**Nº Rexistro: 40353**  
Data envío: 06/09/2022 13:16:45.081

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2022 13:16:42**

CSV: BOPGDSPG-nPns6ReoZ-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30315**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación acontecida no punto de atención continuada da Parda o domingo 26 de febreiro"** (publicada no BOPG número 278 do 17 de febreiro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego na sesión celebrada o 3 de marzo do 2022 no debate da iniciativa con número de rexistro 30314 presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=ZDEyMDg4YzctMWRhNS00ZWl1LTllYjMtYjhhkOGE5NzEzZWE3&start=6797](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDEyMDg4YzctMWRhNS00ZWl1LTllYjMtYjhhkOGE5NzEzZWE3&start=6797)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/09/2022 13:16:25**  
**Nº Rexistro: 40350**  
Data envío: 06/09/2022 13:16:25.051

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2022 13:16:22**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30541**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a realización dun estudo respecto da situación das mulleres do rural galego respecto da igualdade e da violencia de xénero"** (publicada no BOPG número 283 do 25 de febreiro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O pasado 11 de marzo a secretaria xeral da Igualdade deu resposta na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes do Parlamento galego á pregunta oral do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego número de rexistro 30540 sobre a realización dun estudo respecto da situación das mulleres do rural galego en relación coa igualdade e a violencia de xénero.

Na seguinte ligazón pódese consultar a resposta:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZGU5MDI4ZDQtYWVjYy00YmI3LTZjMTNzZkxYzgyMzU1ZTc3&start=6088>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/09/2022 11:50:13**  
**Nº Rexistro: 40200**  
Data envío: 05/09/2022 11:50:13.779

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/09/2022 11:50:10**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30796**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración da Xunta de Galicia da alta temporalidade e desocupación da mocidade galega e da fenda de xénero existente no mercado laboral"** (publicada no BOPG número 283 do 25 de febreiro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O pasado 9 de marzo a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, deu resposta no Parlamento galego á pregunta oral do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego número de rexistro 30799 sobre as medidas previstas polo Goberno galego respecto da situación na que se atopan as mozas galegas fronte ao mercado laboral.

As mozas galegas son un colectivo dobremente prioritario en numerosas ordes de axuda da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, tanto no acceso aos apoios como na intensidade dos mesmos.

Nesta liña, destácase que a Xunta ten activos dous plans específicos cunha dotación total de máis de 86 millóns de euros: o Plan Emprega Muller e o Plan Emprega Xuventude, con tres novos programas que poñen o acento nun dos atrancos máis comúns neste colectivo, a falta de experiencia laboral previa.





Na seguinte ligazón pódese consultar a resposta:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MjQ0Yzk4NTAtZDNhOS00ODI2LWFiODQtNWY2ZTI1ZTEzYWFi&start=10029>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/09/2022 11:50:07**  
**Nº Rexistro: 40199**  
Data envío: 05/09/2022 11:50:07.247

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/09/2022 11:50:03**

CSV: BOPGDSPG-nPns6ReoZ-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30839**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Daniel Castro García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a promoción dunha maior entrada das mulleres nas tecnoloxías da información e a comunicación"** (publicada no BOPG número 283 do 25 de febreiro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O pasado 23 de marzo foi presentado ao Pleno do Consello Galego das Mulleres o informe "A situación das mulleres galegas e as TICS".

Existe o risco de que as mulleres queden fóra dos empregos do futuro, nos que a tecnoloxía será fundamental. Esta é unha das conclusións do informe elaborado polo grupo de traballo do Consello Galego das Mulleres, que constata unha fenda no emprego entre mulleres e homes de case 35 puntos. Ante isto, a Xunta de Galicia avoga por colaborar coas universidades, con entidades privadas e no seo da comunidade escolar, para encamiñar ás nenas e mozas cara á formación TIC e para promover a iniciativa empresarial tecnolóxica, tamén no medio rural.

O informe, expón que a fenda de xénero no emprego do sector TIC acada case os 35 puntos. En 2020, estas actividades xeraban un total de 24.393 postos de traballo, dos que soamente o 32,6% eran mulleres. A menor presenza laboral feminina por tipo de actividade concéntrase na fabricación de compoñentes electrónicos (10,4%) e na fabricación de ordenadores (12,5%).





Outro dos indicadores sinala que un 30% das empresas TIC que operan en Galicia non contan con ningunha muller no seu cadro de persoal e só no 14% dos casos existe presenza de mulleres nos equipos directivos.

Estes datos reflectidos no informe do Consello Galego das Mulleres, complétanse cos referidos á formación profesional e universitaria en Galicia. Se o 55,8% das matriculacións universitarias na Comunidade corresponderon en 2020 a mulleres, en titulacións máis técnicas a súa presenza baixa; como é o caso de informática, onde apenas acadan o 12%; ou nas enxeñerías, onde copan o 28% do estudiantado. Na formación profesional, o 43% das matriculadas son mulleres, pero na familia da informática e a comunicación a porcentaxe baixa ao 15%.

A Xunta quere referendar o seu compromiso e potenciar as vocacións tecnolóxicas entre nenas e mozas e a empregabilidade das mulleres no sector tecnolóxico. Así, reforzará os mecanismos de colaboración coas universidades e axentes de emprendemento para achegar ás estudantes ás carreiras técnicas, así como a implicación transversal dos responsables da formación profesional, dos equipos de orientación dos centros escolares e dos departamentos centrados no eido rural para mellorar a ampliar a representación feminina no sector e achegar ás mulleres a iniciativas de base tecnolóxica.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/09/2022 13:16:04**  
**Nº Rexistro: 40347**  
Data envío: 06/09/2022 13:16:04.582

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2022 13:16:01**

CSV: BOPGDSPG-nPns6ReoZ-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31261**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos, e outras deputadas do mesmo grupo sobre, **"as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para garantir o dereito efectivo da lei de eutanasia"** (publicada no BOPG número 287 do 3 de marzo de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Sanidade, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego na sesión celebrada o 31 de marzo do 2022 no debate da iniciativa con número de rexistro 31260 presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MGQ0N2lyNzltZTJhYi00OWM1LWJlYzktMWUzYzQxYmM5MjM2&start=6673> "

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/09/2022 10:22:32**  
**Nº Rexistro: 40111**  
Data envío: 02/09/2022 10:22:32.880

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2022 10:22:30**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31673**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a vixilancia e seguimento do cumprimento das recomendacións da Comisión Permanente de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos por parte das administración marítimas"** (publicada no BOPG número 293 do 17 de marzo de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"A Comisión Permanente de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos (CIAIM), é un órgano colexiado adscrito ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, encargado de realizar a investigación dos accidentes e incidentes marítimos producidos en ou por buques civís españois e en ou por buques civís estranxeiros cando se produzan dentro das augas interiores, no mar territorial español ou fóra do mar territorial español cando España teña intereses de consideración.

A investigación ten un carácter exclusivamente técnico, o seu fin último é establecer as causas técnicas que o produciron e formular recomendacións que permitan a prevención de futuros accidentes e incidentes, non estando dirixida en ningún momento para determinar nin establecer culpa ou responsabilidade de tipo algún.

A CIAIM publica principalmente informes técnicos dos accidentes obxecto das súas investigacións, pero tamén elabora outras publicacións. Na súa páxina web pódese





acceder a todos os documentos publicados pola Comisión.

- Informes técnicos de accidentes e incidentes marítimos
- Informes anuais de actividade
- Recomendacións de seguridade baseadas na análise dos informes da CIAIM

Neste último apartado publícanse recomendacións de seguridade xerais, dirixidas ao sector marítimo no seu conxunto, xurdidas da análise do conxunto de informes publicados pola CIAIM.

- 01/2014 Incumprimentos do RIPA
- 02/2014 Estabilidade pesqueiros
- 03/2015 SISTEMA MUNDIAL DE SOCORRO E SEGURIDADE MARÍTIMOS (SMSSM)
- 04/2015 Problemas relacionados coa inspección e reparación de pesqueiros: Autocertificación. Fallos estruturais en pesqueiros de madeira
- 05/2016 Riscos da navegación en augas superficiais e zonas de rompiente.

En xuño de 2015 a CIAIM elaborou unha análise transversal sobre fallos e indebido uso do Sistema Mundial de Socorro e Seguridade Marítimos (SMSSM).

Así, a análise baséase nunha serie de feitos constatados nalgúns accidentes e nas neglixencias e fallos específicos detectados nas investigacións de accidentes marítimos realizadas pola CIAIM.

Recomendacións da CIAIM:

A CIAIM recomenda e insta a toda a xente de mar, particularmente aos capitáns, oficiais de ponte, patróns e encargados das gardas de navegación a bordo, para que sigan estritamente os procedementos sinalados polo SMSSM en situacións de





emerxencia a bordo, informando debidamente e solicitando a correspondente axuda e auxilio ante a emerxencia.

Ao mesmo tempo, a CIAIM recomenda e insta a:

- Os responsables da formación marítima, particularmente os que ensinan o SMSSM nos centros de formación marítima,
- Os armadores e operadores de toda clase de buques e embarcacións,
- Os responsables de organizacións empresariais, gremiais, sindicais, dos ámbitos marítimos, mercante, pesqueiro e de recreo,
- Os prácticos e demais persoas de asistencia aos buques,
- As Autoridades que velan pola seguridade marítima, nos seus varios niveis, e nos ámbitos de mariña mercante, de pesca e de recreo, para que en todas as oportunidades que no desenvolvemento das súas actividades xurdan:
  - o resalten as repetidas e funestas consecuencias de incumprir o SMSSM: vítimas, danos, gastos, contaminación,
  - o insistan, conciencien e sensibilicen aos profesionais da mar que proceda, sobre a importancia de coñecer o SMSSM en profundidade e aplicalo,
  - o mentalicen que o estrito seguimento dos procedementos do SMSSM é o medio máis directo para informar de emerxencias e pedir apoio e auxilio, o que minimizará ou evitará vítimas, danos, gastos e contaminación,
  - o Denuncien e sancionen, de acordo con a normativa, as infraccións polos incumprimentos do SMSSM.

O Ministerio de Fomento a través da Dirección Xeral da Mariña Mercante publicaba o día 2 de xuño de 2004 o INFORME DE ACCIDENTE MARÍTIMO concretamente: INFORME SOBRE O AFUNDIMENTO, CON PERDIDA DE VIDAS, DO BUQUE PESQUEIRO "O BAHÍA" no litoral de Galicia, preto das Illas Sisargas, da Comisión Permanente de Investigación de Sinistros Marítimos.





Entre as recomendacións recóllese:

Primeira: Realización dunha campaña de concienciación dirixida aos patróns de buques de pesca sobre os riscos de navegar con mar de popa ou de aleta, incidindo especialmente nos factores externos que orixinan diminución da estabilidade, de aumento da escora e de acometidas de grandes ondas.

A campaña debería tratar tamén sobre as decisións para adoptar para reducir o risco nas devanditas condicións de mar, sendo desexable a confección de diagramas polares particularizados para cada buque, que contemplen as zonas críticas da súa navegación, en función das características das ondas e da súa dirección, e o rumbo, velocidade e eslora do buque.

Así, o Goberno galego considera acertado que a Dirección Xeral da Mariña Mercante poña en marcha unha campaña de concienciación dirixida aos patróns e mariñeiros dos buques sobre os perigos da navegación e a súa prevención”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/09/2022 12:11:29**  
**Nº Rexistro: 40473**  
Data envío: 07/09/2022 12:11:29.665

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/09/2022 12:11:27**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 32221**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno do Estado respecto do prexuízo ao sector pesqueiro que suporía a implantación de instalacións eólicas mariñas”** (publicada no BOPG número 298 do 25 de marzo de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Galicia mantén o seu compromiso polo desenvolvemento das renovables para seguir sendo unha referencia. De feito, máis do 74% da enerxía eléctrica producida na nosa Comunidade procede actualmente deste tipo de fontes, entre as que destacan a eólica terrestre e a hidráulica.

Deste xeito, Galicia xa está actualmente cumprindo o obxectivo marcado a nivel estatal para 2030. Unha aposta polas enerxías limpas que non se detén e que a Xunta redobrará a través da nova Axenda Enerxética, coa que se busca promover novas enerxías renovables para facilitar a caída do prezo eléctrico e para que o tecido empresarial e industrial, desde a sustentabilidade, poidan gañar en competitividade.

É o caso do hidróxeno verde e a eólica mariña. Sobre esta última, Galicia ten claro que o seu desenvolvemento futuro debe pasar sempre por garantir a súa compatibilidade coa actividade pesqueira e a preservación do ecosistema.





Polo tanto, é preciso, tal e como tamén apuntan desde a UE, que o Goberno concrete cal é o documento definitivo dos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo. Sen esa folla de ruta non se poderá avanzar neste asunto.

É dicir, ningún promotor pode tramitar un proxecto de eólica mariña ata que o Goberno delimite as zonas dentro do plan sectorial.

Mentres agarda, Galicia seguirá pola senda do diálogo e o consenso. Para iso se creou o Observatorio da eólica mariña, no que tamén están representados o sector marítimo-pesqueiro e a industria: o punto de encontro onde identificar oportunidades e analizar o impacto que suporía a instalación destes parques”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/09/2022 11:19:39**  
**Nº Rexistro: 40556**  
Data envío: 08/09/2022 11:19:39.419

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/09/2022 11:19:31**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 32859**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela, e outras/outros deputadas/deputados do mesmo grupo sobre, **"o incumprimento dos acordos parlamentarios respecto da necesidade de afrontar melloras e avances no centro hospitalario psiquiátrico de Conxo "** (publicada no BOPG número 301 do 31 de marzo de 2022) , teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Sanidade, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego na sesión celebrada o 21 de abril do 2022 no debate da iniciativa con número de rexistro 32858 presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MjBlM2U1YTltZTliZS00MWU3LTgyNzktZDg2YWw1NDY3ODUx&start=3855>

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/09/2022 12:30:04**  
**Nº Rexistro: 40126**  
Data envío: 02/09/2022 12:30:04.358

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2022 12:30:02**

CSV: BOPGDSPG-nPns6ReoZ-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 33145**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións de Portos de Galicia respecto da construción de pantaláns flotantes no peirao de San Adrián de Cobres no Concello de Vilaboa”** (publicada no BOPG número 304 do 6 de abril de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 21 de xuño de 2022, no debate da iniciativa con número de rexistro, 33144, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items?utf8=%E2%9C%93&search\\_type=0&view\\_type=list&text2=33144](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items?utf8=%E2%9C%93&search_type=0&view_type=list&text2=33144)

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as previsións de Portos de Galicia respecto da construción de pantaláns flotantes no peirao de San Adrián de Cobres no Concello de Vilaboa”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/09/2022 10:20:02**  
**Nº Rexistro: 40096**  
Data envío: 02/09/2022 10:20:02.649

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2022 10:19:59**

CSV: BOPGDSPG-nPns6ReoZ-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 33429**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a evolución da débeda pública de Galicia e o impacto da crecente inflación"**, (publicada no BOPG número 308 do 18 de abril de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

"No primeiro trimestre do 2022 Galicia reduciu un 3,4% o seu endebedamento, o que supuxo rebaixar a súa débeda en 401 millóns de euros, segundo o Protocolo de Déficit Excesivo (PDE) correspondentes ao primeiro trimestre do ano publicados polo Banco de España. Con estes datos, Galicia diminuíu 1,1 puntos o seu endebedamento en relación ao seu PIB, ata o 17,4%, e sitúase, deste xeito, como a terceira comunidade autónoma de réxime común cunha menor ratio débeda/PIB. Ademais, a Comunidade galega aumentou no primeiro trimestre do ano o seu diferencial positivo de débeda coa media, ata os 7,7 puntos, xa que o conxunto das CC.AA. teñen unha ratio débeda/PIB do 25,1%. Desta forma, o organismo regulador volve situar á Comunidade Autónoma galega como a terceira de réxime común con menor endebedamento de toda España.

Así mesmo, Galicia pechou o primeiro trimestre de 2022 sendo a 2ª Comunidade Autónoma con menor endebedamento por habitante de España. A débeda por habitante sitúase na comunidade galega nos 4.204 euros, fronte aos 6.568 euros da media de comunidades, co que cada galego debe hoxe 2.341 euros menos que a media autonómica. O Banco de España ratifica ademais que Galicia é a comunidade autónoma con menor aumento de volume de débeda desde o ano 2008, exercicio no que comezou a tendencia ascendente na evolución do endebedamento no conxunto das administracións públicas de España, incluídas as comunidades autónomas.



A redución do endebedamento nos últimos exercicios fai que Galicia estea nunha mellor posición financeira para responder ás esixencias económicas derivadas dos efectos negativos do coronavirus e da alza de prezos.

Por outro lado o Consello da Xunta ven de aprobar o pasado 1 de agosto o límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma para o exercicio 2023 que permitirá aprobar en tempo e forma uns orzamentos que apoién ás familias, sectores e empresas máis vulnerables ante a inflación. Este teito de gasto ascende a 12.599 millóns de euros, un 8,2% por enriba do orzamento do presente exercicio e que supón dispoñer do teito de gasto máis alto da historia da Comunidade.

Ademais a Xunta vén de actualizar con extremada prudencia o seu cadro macroeconómico tendo en consideración as circunstancias actuais: a invasión de Ucraína e a inflación persistente.

Neste sentido, o Goberno galego prevé que Galicia recuperará no primeiro trimestre de 2023 e antes que a media de España, a riqueza prepandemia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/09/2022 13:14:21**  
**Nº Rexistro: 40328**  
Data envío: 06/09/2022 13:14:21.537

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2022 13:14:19**

CSV: BOPGDSPG-nPns6ReoZ-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 33908**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos, e outras deputadas do mesmo grupo sobre, **"os datos de derivación de pacientes á sanidade privada nos últimos 5 anos"** (publicada no BOPG número 313 do 28 de abril de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Sanidade, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego na sesión celebrada o 5 de maio do 2022 no debate da iniciativa con número de rexistro 33907 presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZjEzMWRkMzYtMDVhNS00YTg1LWJjZGQtYTc1OTEwOTA4NTcz&start=7539>

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/09/2022 12:29:51**  
**Nº Rexistro: 40124**  
Data envío: 02/09/2022 12:29:51.202

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2022 12:29:48**

CSV: BOPGDSPG-nPns6ReoZ-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 33940**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o incremento dos delitos de odio LGBTfóbicos”** (publicada no BOPG número 313 do 28 de abril de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 18 de maio a secretaria xeral da Igualdade contestou, na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior do Parlamento galego, a pregunta oral do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego número de rexistro 33939 sobre o incremento dos delitos de odio contra as persoas do colectivo LGTBI.

A Xunta de Galicia leva anos demostrando a súa implicación na loita contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, e faino ademais a través de todos os seus departamentos, pois a igualdade e non discriminación responde ao principio de transversalidade debendo estar presente en cada unha das áreas de actuación.

Neste sentido, Galicia foi a primeira comunidade que contou cunha lei, a Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, que consolida o principio da igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas LGTBI.



Polo tanto, a inclusión social plena, con independencia da diversidade de orientación sexual e de identidade de xénero, constitúe unha das prioridades do Goberno galego e coa finalidade de avanzar cada día máis neste compromiso, estase a traballar da man de asociacións, organizacións e colectivos LGTBI que teñan un interese lexítimo na loita contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, a través, de entre outros instrumentos, do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero (Decreto 131/2018, do 10 de outubro).

Na seguinte ligazón pódese consultar a resposta:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NmM1M2Q5NTYtZWU5My00ZjUxLWFLYzQtZDg1MTE5MTRkMTI5&start=5501>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/09/2022 13:13:47**  
**Nº Rexistro: 40322**  
Data envío: 06/09/2022 13:13:47.241

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2022 13:13:44**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34925**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Daniel Pérez López, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a necesidade de adoptar novas medidas para protexer a saúde e a seguridade laboral”** (publicada no BOPG número 324 do 27 de maio de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 29 de xuño de 2022 a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, deu resposta no Parlamento galego á interpelación do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego número de rexistro 34926 sobre a sinistralidade laboral.

En Galicia si existe unha política real e efectiva no eido da seguridade e saúde no traballo. Ademais, por parte da autoridade laboral e dos órganos técnico e inspector nesta materia, existen medidas e accións que teñen como obxectivo reducir os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais, así como mellorar a integración e a xestión da prevención dos riscos laborais no tecido empresarial galego.

Ao marxe da normativa de aplicación, o máximo expoñente desta política son as sucesivas estratexias de seguridade e saúde laboral acordadas no seo do diálogo social aberto polo Goberno galego e que se converteron no guión a medio prazo





para a execución decidida e conxunta con organizacións sindicais e empresariais destas políticas en Galicia.

Remitimos a ligazón da resposta:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?  
id=MzQ2YjEyZTUtMDM1Ny00YWFKLWFkODgtZmFkMGI5OGFkYmQ0&start=682](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MzQ2YjEyZTUtMDM1Ny00YWFKLWFkODgtZmFkMGI5OGFkYmQ0&start=682)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/09/2022 11:48:45**  
**Nº Rexistro: 40190**  
Data envío: 05/09/2022 11:48:45.749

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/09/2022 11:48:42**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34936**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o orzamento do ano 2022 para o desenvolvemento do traballo dos colectivos Lesbianas, gais, transxéneros, transexuais, bisexuais e intersexuais"** (publicada no BOPG número 324 do 27 de maio de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia leva anos demostrando a súa implicación na loita contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, e faino, ademais, a través de todos os seus departamentos pois a igualdade e non discriminación responde ao principio de transversalidade debendo estar presente en cada unha das áreas de actuación.

Así, estase a traballar, no marco do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, na promoción da igualdade real e efectiva das persoas LGTBI. Este órgano está dotado anualmente con 15.000 euros para o seu correcto funcionamento e está integrado por todos os departamentos da Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), as tres universidades galegas, os sindicatos UGT, CCOO, CDIF e CIG, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), así como pola seguintes asociacións:

- CASCO (Comité Antisida A Coruña)
- Nós Mesmas
- Alas Coruña
- Les Coruña



- Avante LGTBI
- A Rede Educativa de Apoio LGTBI de Galicia
- Chrysallis Asociación de Familias de Menores Transexuais
- Asociación Pvlse Vigo Queer LGTBIQ+

Ademais, desde 2016 a Xunta colabora a través de convenios coas entidades que desenvolven actividades de promoción e defensa dos dereitos e intereses das persoas do colectivo LGTBI. Grazas a estes apoios poden desenvolver campañas de información social, acompañamento e asesoramento sobre recursos sociais e sanitarios dos que dispoñen, formación específica para o persoal das administracións públicas así como elaborar materiais didácticos.

Así mesmo destácase que no ano 2017 apareceu, por primeira vez, unha partida específica nos Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para as asociacións, organizacións e colectivos LGTBI.

O obxectivo da Xunta de Galicia non é outro que o de garantir que todas as persoas, sen importar a súa orientación sexual e identidade de xénero, poidan exercer plenamente os seus dereitos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/09/2022 13:12:50**  
**Nº Rexistro: 40314**  
Data envío: 06/09/2022 13:12:50.976

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2022 13:12:48**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 6ª- **número 33537**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e dona Leticia Gallego Sanromán, sobre **"as previsións do Goberno galego para conseguir a homologación do Camiño dos Faros como ruta de gran percorrido"**, (publicada no BOPG número 307, do 13 de abril de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"Como xa se ten informado en anteriores ocasións nin o goberno galego, nin os Concellos polos que transcorre, teñen competencia para homologar rutas de sendeirismo, a cal corresponde exclusivamente á federación galega de montañismo (FGM).

Dende a Axencia de Turismo de Galicia, atendendo ao mandato do Parlamento de Galicia, o que está a facer é traballar de maneira transparente e consensuada cos concellos do xeodestino costa da morte para solventar os aspectos relacionados coa seguridade e/ou respecto medioambiental ao territorio polo que discorre o camiño dos faros e a senda litoral de Galicia.

Con este espírito integrador e de aportar solucións dende abril do pasado ano téñense mantido diversos encontros e reunións con alcaldes e técnicos dos Concellos polos que transcorre o camiño. Como resultado tense formulado unha proposta de trazado consensuada cos concellos de Vimianzo, Camariñas, Fisterra, Cabana, Laracha e Cee. Tamén falouse con Corcubión, Laxe, Carnota, Malpica, Muxía e Ponteceso, estando á espera de recibir as súas propostas."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/09/2022 13:14:08**  
**Nº Rexistro: 40326**  
Data envío: 06/09/2022 13:14:08.506

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2022 13:14:05**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







XUNTA  
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35600**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a negociación do convenio colectivo para a industria siderometalúrxica da provincia da Coruña "** (publicada no BOPG número 333 do 16 de xuño de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O pasado 21 de xuño de 2022 a directora xeral de Relacións Laborais contestou, na Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo do Parlamento galego, a pregunta oral do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego número de rexistro 35598 sobre a negociación do convenio colectivo para a industria siderometalúrxica da provincia da Coruña.

Na seguinte ligazón pódese consultar a resposta da Xunta de Galicia:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MzcyNjc2MGUtMDkyZS00NmU0LTlhNWQtMGY2YmE2OWRiMTQy&start=1607>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/09/2022 13:12:03**  
**Nº Rexistro: 40307**  
Data envío: 06/09/2022 13:12:03.540

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2022 13:11:59**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 35718**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego para de desenvolver un plan de información, formación e asesoramento técnico para garantir a sustentabilidade dos sistemas veciñais de abastecemento de auga"**, (publicada no BOPG número 333 do 16 de xuño de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

- Xacobeo Importa: Pat Metheny – Auditorio Mar de Vigo, Marisa Monte – Afundación, Agnes Obel – Afundación, Leon Bridges – Auditorio Mar de Vigo, Rufus Wainwright - Afundación
- Ciclo Xacobeo Vigo no Auditorio Mar de Vigo: Fat Freddy's Drop, CimaFunk, Steve Va, Yann Tiersen, Texas
- Festival Latitudes: Two Door Cine Club, Mando Diao, Bala, Zalomon Grass, Iggy Pop, The Vaccines, Aphonic, Furious Monkey House
- Concerto de C. Tangana:
- Festival Música Urbana no Porto de Vigo: Ajax y Prok, Quevedo, Califato, Sila Luna, Safree
- Concerto de Muse en Balaídos
- Concerto de Fito & Fitipladis: no Auditorio Mar de Vigo
- Evento internacional de disciplinas de baile “Vigo Porté 2022”
- Europeo de Snipe
- Ruta Iacobus Maris
- 59ª edición da ruta Rías Baixas Xacobeo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/09/2022 10:07:54**  
**Nº Rexistro: 40169**  
Data envío: 05/09/2022 10:07:54.588

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/09/2022 10:07:51**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 27537**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a negativa de Portos de Galicia a reverter a titularidade da parcela número 7 da travesía do Porto, en Burela, a dominio municipal”** (publicada no BOPG número 260 do 20 de xaneiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O 8 de setembro de 2021, a presidenta de Portos de Galicia, mantivo unha reunión cos representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) no marco da mesa de traballo creada pola Xunta con esta entidade para abordar a posibilidade de reverter ao Estado espazos dos peiraos galegos que non teñen uso estritamente portuario buscando a posterior entrega polo Goberno central aos concellos.

A representante do ente trasladou aos integrantes da Fegamp que o Executivo galego está a traballar nos trámites para solicitar á Administración central a reversión de arredor de corenta espazos da súa titularidade que non teñen uso portuario.

Portos de Galicia analizou as 22 solicitudes presentadas ata o momento por distintos concellos costeiros galegos así como a posible reversión doutras 18 instalacións menores da súa titularidade non destinadas a fins portuarios e situadas en distintas localidades.





Trátase dun procedemento extraordinario, complexo e moi amplo e que, por iso, tramitaranse todos os expedientes de xeito conxunto.

Para velar pola transparencia do proceso, o ente público abordou os criterios que se aplican para a valoración das solicitudes, dos que xa son partícipes os concellos inmersos neste proceso e que serán trasladados a todos municipios para o seu coñecemento e para que, aqueles que non o fixeron, poidan presentar as súas propostas de reversión de terreos antes do 15 de outubro de 2021.

Unha vez recibida toda a información necesaria dos concellos, a Xunta trasladará aos correspondentes Gobernos locais as superficies que considera susceptibles de iniciar o trámite de reversión en cada caso e, cando os concellos dean a súa conformidade con esa proposta, avanzará nos trámites administrativos internos previos á remisión da solicitude de reversión dos terreos ao Executivo central.

No momento en que estean completados os trámites da Administración galega, será o Goberno central, mediante acordo do Consello de Ministros, o que deberá determinar que facer e tamén se os entrega aos concellos procedendo á súa desafectación como espazos de dominio público marítimo-terrestre”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/09/2022 10:21:07**  
**Nº Rexistro: 40103**  
Data envío: 02/09/2022 10:21:07.882

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2022 10:21:04**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 27538**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as xestións realizadas pola Axencia de Turismo de Galicia para mellorar o turismo de cruceiros no porto de Vigo"**, (publicada no BOPG número 260, do 20 de xaneiro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"Logo da creación do Comité de Turismo de Cruceiros constituído na Autoridade Portuaria de Vigo, a Delegada da Xunta de Galicia en Vigo e a directora da Axencia de Turismo de Galicia, acudiron ás reunións do Grupo de traballo de Turismo de Cruceiros, un foro enmarcado na nova estratexia de Crecemento Azul (Blue Growth) 2021-2027 do Porto de Vigo.

En ditas reunións, como representantes da Xunta de Galicia, mostraron a colaboración do goberno galego en todas as accións de promoción necesarias para potenciar a chegada de turistas por mar. Entre os obxectivos do grupo de traballo, está o de facer de Vigo un destino preferido por os cruceiristas e promocionar porto e destino, o que redundará positivamente no fortalecemento do sector, un dos máis castigados durante a pandemia.

O Plan Director 2021-2023 'Galicia Destino Seguro' ten como obxectivo o desenvolvemento de estratexias e medidas que permitan superar a crise provocada pola Covid19, reactivando o sector turístico e aproveitando a conxuntura para reposicionar a Galicia como destino seguro.



Na diagnose de dito Plan contémpanse os escenarios temporais, produtos e mercados prioritarios nos que se inclúen accións destinadas ao turismo de cruceiros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/09/2022 11:52:09**  
**Nº Rexistro: 40222**  
Data envío: 05/09/2022 11:52:09.151

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/09/2022 11:52:06**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 27539**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a negativa de Portos de Galicia a reverter a titularidade do miradoiro da Limosa, de Burela, a dominio municipal"** (publicada no BOPG número 260 do 20 de xaneiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O 8 de setembro de 2021, a presidenta de Portos de Galicia, mantivo unha reunión cos representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) no marco da mesa de traballo creada pola Xunta con esta entidade para abordar a posibilidade de reverter ao Estado espazos dos peiraos galegos que non teñen uso estritamente portuario buscando a posterior entrega polo Goberno central aos concellos.

A representante do ente trasladou aos integrantes da Fegamp que o Executivo galego está a traballar nos trámites para solicitar á Administración central a reversión de arredor de corenta espazos da súa titularidade que non teñen uso portuario.

Portos de Galicia analizou as 22 solicitudes presentadas ata o momento por distintos concellos costeiros galegos así como a posible reversión doutras 18 instalacións menores da súa titularidade non destinadas a fins portuarios e situadas en distintas localidades.

Se trata dun procedemento extraordinario, complexo e moi amplo e que, por iso, se tramitarán todos os expedientes de xeito conxunto.

Para velar pola transparencia do proceso, o ente público abordou os criterios que se aplican para a valoración das solicitudes, dos que xa son partícipes os concellos





inmersos neste proceso e que serán trasladados a todos municipios para o seu coñecemento e para que, aqueles que non o fixeron, poidan presentar as súas propostas de reversión de terreos antes do 15 de outubro de 2021.

Unha vez recibida toda a información necesaria dos concellos, a Xunta trasladará aos correspondentes Gobernos locais as superficies que considera susceptibles de iniciar o trámite de reversión en cada caso e, cando os concellos dean a súa conformidade con esa proposta, avanzará nos trámites administrativos internos previos á remisión da solicitude de reversión dos terreos ao Executivo central

No momento en que estean completados os trámites da Administración galega, será o Goberno central, mediante acordo do Consello de Ministros, o que deberá determinar que facer e tamén se os entrega aos concellos procedendo á súa desafectación como espazos de dominio público marítimo-terrestre.

Informar que sobre a reversión do Mirador da Limosa de Burela, a dominio municipal, Porto de Galicia informa favorablemente as actuacións consistentes na mellora do contorno do "Mirador da Limosa" situada dentro do dominio público portuario do porto de Burela, segundo a solicitude do Concello de Burela recibida o 19 de agosto de 2021 conforme ó descrito na documentación técnica achegada. Con posterioridade o Consello de Burela solicita a reversión deses terreos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/09/2022 10:21:01**  
**Nº Rexistro: 40102**  
Data envío: 02/09/2022 10:21:01.195

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2022 10:20:53**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 27547**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración da execución orzamentaria da partida 513A no segundo trimestre do ano 2021, relativa á construción, conservación e explotación portuaria”**, (publicada no BOPG número 260 do 20 de xaneiro de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Preto do 74% do orzamento ca Consellería do Mar destinada a liñas de investimento que se poñen a disposición da cidadanía, en forma de axudas e melloras en todo o ámbito da cadea mar-industria, son fondos FEMP.

Para executar estes fondos é preciso facelo con arranxo ás normas da normativa comunitaria e tamén á normativa estatal e autonómica sobre subvencións e uso dos fondos comunitarios.

Polo tanto, é preciso acudir á convocatoria pública de axudas, que ademais debe facerse, na inmensa maioría dos casos, en concorrencia competitiva.

Na Consellería do Mar trabállase por unha parte, para poder adiantar ao máximo posible a publicación das convocatorias de axudas e subvencións e, por outra parte, reducir os tempos da instrución dos procedementos.

A maioría das convocatorias de subvencións da Consellería do Mar redáctanse por anticipado de gasto o que permite que se publiquen as ordes de convocatoria de axuda entre os meses de decembro e de xaneiro.

É dicir, xa a comezos de ano, a maior parte dos fondos están dispoñibles, e están na fase A.



Agora ben, é evidente que hai que outorgar un prazo para a presentación dos proxectos, máis o tempo para analizar os mesmos e requirir a subsanación de erros ou de falla de documentación por parte das persoas solicitantes destas ordes de axudas.

Como ben saben, son moitos os requisitos esixidos polo propio fondo FEMP que dificultan o traballo duns e doutros, de administrados e administradas e da propia administración, e dende a Consellería do Mar sempre avogamos e solicitamos a simplificación do fondo en beneficio de todos os axentes implicados e, o máis importante en beneficio dos galegos e galegas que solicitan e precisan destas axudas.

Polo tanto non é ata finais de xuño ou mesmo en xullo cando se poden resolver a maior parte das axudas de investimentos, o que é máis que razoable tendo en conta o número e importancia técnica dos expedientes presentados.

É a partir de aquí hai que dar prazo para a execución dos investimentos por parte das persoas solicitantes, que son xa a finais de ano e, no caso dos proxectos importantes con axudas plurianuais mesmo ata o ano seguinte.

Todo isto fai ver que evidentemente se por execución consideran a situación en OK dun expediente, no segundo trimestre non é posible no caso de axudas a particulares, debido precisamente ás esixencias da propia tramitación.

Así, a 31 de decembro de 2021, as porcentaxes da disposición ou compromiso do gasto co sector en relación co crédito inicial, foron as seguintes:

100 % do programa orzamentario 513 A correspondente a contrución, conservación e explotación portuaria





XUNTA  
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

61,10% do programa orzamentario 723 B correspondente a regulación das producións e dos mercados da pesca

48,02% do programa orzamentario 514 A correspondente a infraestructuras pesqueiras

72,32% do programa orzamentario 723 C correspondente ao desenvolvemento sostible das zonas de pesca”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/09/2022 11:20:14**  
**Nº Rexistro: 40561**  
Data envío: 08/09/2022 11:20:14.528

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/09/2022 11:20:10**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 27548**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a valoración da execución orzamentaria da partida 514A no segundo trimestre do ano 2021, relativa a infraestruturas pesqueiras"**, (publicada no BOPG número 260 do 20 de xaneiro de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Preto do 74% do orzamento ca Consellería do Mar destinada a liñas de investimento que se poñen a disposición da cidadanía, en forma de axudas e melloras en todo o ámbito da cadea mar-industria, son fondos FEMP.

Para executar estes fondos é preciso facelo con arranxo ás normas da normativa comunitaria e tamén á normativa estatal e autonómica sobre subvencións e uso dos fondos comunitarios.

Polo tanto, é preciso acudir á convocatoria pública de axudas, que ademais debe facerse, na inmensa maioría dos casos, en concorrencia competitiva.

Na Consellería do Mar trabállase por unha parte, para poder adiantar ao máximo posible a publicación das convocatorias de axudas e subvencións e, por outra parte, reducir os tempos da instrución dos procedementos.

A maioría das convocatorias de subvencións da Consellería do Mar redáctanse por anticipado de gasto o que permite que se publiquen as ordes de convocatoria de axuda entre os meses de decembro e de xaneiro.

É dicir, xa a comezos de ano, a maior parte dos fondos están dispoñibles, e están na fase A.



Agora ben, é evidente que hai que outorgar un prazo para a presentación dos proxectos, máis o tempo para analizar os mesmos e requirir a subsanación de erros ou de falla de documentación por parte das persoas solicitantes destas ordes de axudas.

Como ben saben, son moitos os requisitos esixidos polo propio fondo FEMP que dificultan o traballo duns e doutros, de administrados e administradas e da propia administración, e dende a Consellería do Mar sempre avogamos e solicitamos a simplificación do fondo en beneficio de todos os axentes implicados e, o máis importante en beneficio dos galegos e galegas que solicitan e precisan destas axudas.

Polo tanto non é ata finais de xuño ou mesmo en xullo cando se poden resolver a maior parte das axudas de investimentos, o que é máis que razoable tendo en conta o número e importancia técnica dos expedientes presentados.

É a partir de aquí hai que dar prazo para a execución dos investimentos por parte das persoas solicitantes, que son xa a finais de ano e, no caso dos proxectos importantes con axudas plurianuais mesmo ata o ano seguinte.

Todo isto fai ver que evidentemente se por execución consideran a situación en OK dun expediente, no segundo trimestre non é posible no caso de axudas a particulares, debido precisamente ás esixencias da propia tramitación.

Así, a 31 de decembro de 2021, as porcentaxes da disposición ou compromiso do gasto co sector en relación co crédito inicial, foron as seguintes:

100 % do programa orzamentario 513 A correspondente a contrución, conservación e explotación portuaria





XUNTA  
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

61,10% do programa orzamentario 723 B correspondente a regulación das producións e dos mercados da pesca

48,02% do programa orzamentario 514 A correspondente a infraestructuras pesqueiras

72,32% do programa orzamentario 723 C correspondente ao desenvolvemento sostible das zonas de pesca”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/09/2022 11:20:06**  
**Nº Rexistro: 40560**  
Data envío: 08/09/2022 11:20:06.856

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/09/2022 11:20:03**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 27549**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a execución orzamentaria da partida 723B no segundo trimestre do ano 2021, relativa á regulación das producións e dos mercados da pesca"**, (publicada no BOPG número 260 do 20 de xaneiro de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Preto do 74% do orzamento ca Consellería do Mar destinada a liñas de investimento que se poñen a disposición da cidadanía, en forma de axudas e melloras en todo o ámbito da cadea mar-industria, son fondos FEMP.

Para executar estes fondos é preciso facelo con arranxo ás normas da normativa comunitaria e tamén á normativa estatal e autonómica sobre subvencións e uso dos fondos comunitarios.

Polo tanto, é preciso acudir á convocatoria pública de axudas, que ademais debe facerse, na inmensa maioría dos casos, en concorrencia competitiva.

Na Consellería do Mar trabállase por unha parte, para poder adiantar ao máximo posible a publicación das convocatorias de axudas e subvencións e, por outra parte, reducir os tempos da instrución dos procedementos.

A maioría das convocatorias de subvencións da Consellería do Mar redáctanse por anticipado de gasto o que permite que se publiquen as ordes de convocatoria de axuda entre os meses de decembro e de xaneiro.

É dicir, xa a comezos de ano, a maior parte dos fondos están dispoñibles, e están na fase A.



Agora ben, é evidente que hai que outorgar un prazo para a presentación dos proxectos, máis o tempo para analizar os mesmos e requirir a subsanación de erros ou de falla de documentación por parte das persoas solicitantes destas ordes de axudas.

Como ben saben, son moitos os requisitos esixidos polo propio fondo FEMP que dificultan o traballo duns e doutros, de administrados e administradas e da propia administración, e dende a Consellería do Mar sempre avogamos e solicitamos a simplificación do fondo en beneficio de todos os axentes implicados e, o máis importante en beneficio dos galegos e galegas que solicitan e precisan destas axudas.

Polo tanto non é ata finais de xuño ou mesmo en xullo cando se poden resolver a maior parte das axudas de investimentos, o que é máis que razoable tendo en conta o número e importancia técnica dos expedientes presentados.

É a partir de aquí hai que dar prazo para a execución dos investimentos por parte das persoas solicitantes, que son xa a finais de ano e, no caso dos proxectos importantes con axudas plurianuais mesmo ata o ano seguinte.

Todo isto fai ver que evidentemente se por execución consideran a situación en OK dun expediente, no segundo trimestre non é posible no caso de axudas a particulares, debido precisamente ás esixencias da propia tramitación.

Así, a 31 de decembro de 2021, as porcentaxes da disposición ou compromiso do gasto co sector en relación co crédito inicial, foron as seguintes:

100 % do programa orzamentario 513 A correspondente a contrución, conservación e explotación portuaria





XUNTA  
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

61,10% do programa orzamentario 723 B correspondente a regulación das producións e dos mercados da pesca

48,02% do programa orzamentario 514 A correspondente a infraestructuras pesqueiras

72,32% do programa orzamentario 723 C correspondente ao desenvolvemento sostible das zonas de pesca”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/09/2022 11:19:59**  
**Nº Rexistro: 40559**  
Data envío: 08/09/2022 11:19:59.497

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/09/2022 11:19:56**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 27552**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia para implantar no vindeiro curso académico, na Mariña lucense, ciclos formativos da familia náutico-pesqueira que formen patróns de litoral e mecánicos navais "** (publicada no BOPG número 260 do 20 de xaneiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi sustanciado na resposta dada á iniciativa (pregunta para resposta oral en Pleno) con número de rexistro 24701, presentada polo mesmo grupo parlamentario, que foi convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/09/2022 10:20:48**  
**Nº Rexistro: 40101**  
Data envío: 02/09/2022 10:20:48.914

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2022 10:20:44**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 27560**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os criterios da Xunta de Galicia para o acceso profesional a un ben de dominio público como é o auditorio do monte do Gozo"**, (publicada no BOPG número 260, do 20 de xaneiro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia na xestión do seu patrimonio e dos recursos públicos actúa, como non podía ser doutro xeito, con estrito cumprimento da lexislación vixente e observancia absoluta dos procedementos legalmente establecidos.

Neste sentido, no ano 2021 estaba programado e contratado a celebración do festival O Son do Camiño, se ben se tivo que adaptar as necesidades derivadas da situación sanitaria, celebrándose un festival de varios días en vez dun concentrado en tres días.

Para a utilización, neste caso do Auditorio do Monte do Gozo, no sendo un ben de dominio público, é necesario a presentación dunha solicitude na que se especifiquen as datas nas que se pretende utilizar dito espazo, tanto para a celebración dos eventos como para a montaxe e desmontaxe das infraestruturas necesarias.

Deste xeito, a Xunta de Galicia, a través da Axencia de Turismo de Galicia puxo en valor o Monte do Gozo e volveu a revitalizarse coma epicentro de grandes concertos e actividades. Con esta acción, a Xunta de Galicia logra que se promocióne a imaxe de Galicia e se obteña unha gran dimensión publicitaria asociado á marca do Festival.



Neste caso en concreto, a ATG, unha vez analizada a proxección da repercusión mediática do festival "O Son do Camiño Perseidas", decidiu difundir a marca Xacobeo e a marca Turismo de Galicia a través deste evento.

Segundo o dito, para a ATG resultaba incuestionable o valor deste ciclo musical, como canle para difundir a imaxe do Xacobeo, ao tratarse dun evento cuxa magnitude e relevancia a nivel nacional e internacional resultaba de notoriedade pública. Os datos son incontestables; 35.000 asistentes, repercusión nacional e internacional do evento, retorno publicitario entre 7 e 8 millóns de euros, oferta hoteleira completa en Santiago de Compostela e na súa área de influencia en case o 80% para os días de concerto, xa ao mes seguinte de ser anunciado o Ciclo de concertos, e 900 postos de traballo a crear polo evento.

No existe ningún outro evento de esta natureza ca repercusión mediática, tanto en redes sociais como en medios de comunicación como este. O interese que esperta este festival a nivel nacional e internacional e a afluencia de público que move, no ten parangón.

De tódolos xeitos, seguindo a liña de actuación do goberno galego cara a potenciar, promover e por en valor o espírito Xacobeo, desde a Xunta de Galicia estase aberta a todo tipo de proxectos que poidan dinamizar o sector artístico e cultural e permitan proxectar a imaxe de Galicia, como o estamos a facer cos Concertos do Xacobeo.

Como se indicou, a Xunta de Galicia actúa neste eido con absoluta imparcialidade e na busca do cumprimento do interese xeral."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/09/2022 13:19:16**  
**Nº Rexistro: 40375**  
Data envío: 06/09/2022 13:19:16.625

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2022 13:19:13**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 27725**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a desigualdade que provocan no medio rural os programas de desenvolvemento rural e plans estratéxicos da Política Agrícola Comunitaria”** (publicada no BOPG número 260 do 20 de xaneiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 11 de marzo a secretaria xeral da Igualdade, deu resposta na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes do Parlamento galego á pregunta oral do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego número de rexistro 30540 sobre a realización dun estudo respecto da situación das mulleres do rural galego en relación coa igualdade e a violencia de xénero, na que tamén se preguntaba pola situación das mulleres no marco da Política Agraria Común.

Na seguinte ligazón pódese consultar a resposta:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZGU5MDI4ZDQyYWRjYy00Yml3LThiZjMtNzkxYzgyMzU1ZTc3&start=6088>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/09/2022 13:19:01**  
**Nº Rexistro: 40373**  
Data envío: 06/09/2022 13:19:01.610

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2022 13:18:58**

CSV: BOPGDSPG-nPns6ReoZ-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 27807**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Carme González Iglesias, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación laboral do persoal do centro especial de emprego Ilunion Servicios Industriales”** (publicada no BOPG número 265 do 27 de xaneiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O pasado de 29 de xuño de 2022 a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, deu resposta no Parlamento galego á pregunta oral do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, número de rexistro 27427, sobre as axudas outorgadas pola Xunta de Galicia a Ilunion Servicios Industriales para promover a integración laboral das persoas con discapacidade.

O compromiso do Goberno galego coa plena inclusión social das persoas con discapacidade e coa garantía dos seus dereitos é firme.

En consecuencia son moitas as iniciativas postas en marcha tamén no eido laboral, destacando entre elas, o Plan Emprega Discapacidade-Exclusión Social. Un instrumento dotado con máis de 40 millóns de euros e artellado en 7 programas de axuda e apoio ao acceso a un emprego e a capacitación profesional das persoas con discapacidade e daquelas que estean en situación ou risco de exclusión social.

Na seguinte ligazón pódese consultar a resposta:





<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MzQ2YjEyZTUtMDM1Ny00YWFKLWFkODgtZmFkMGI5OGFkYmQ0&start=10757>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/09/2022 11:51:39**  
**Nº Rexistro: 40218**  
Data envío: 05/09/2022 11:51:39.199

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/09/2022 11:51:35**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 27894**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que se van tomar para prestar unha atención digna á saúde mental”** (publicada no BOPG número 265 do 27 de xaneiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego na sesión celebrada o 30 de xuño do 2022 no debate da iniciativa con número de rexistro 27895 presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=MGUzNGFiYjktOGY4MC00MzgzLWJmZDMtZTBln2Y3ZDFlYTI1&start=2201](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MGUzNGFiYjktOGY4MC00MzgzLWJmZDMtZTBln2Y3ZDFlYTI1&start=2201)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/09/2022 10:07:47**  
**Nº Rexistro: 40168**  
Data envío: 05/09/2022 10:07:47.260

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/09/2022 10:07:41**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 28131**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e dona Noelia Otero Lago, sobre **“a postura da Xunta de Galicia respecto do impulso das políticas públicas en materia de servizos sociais, sanidade, seguridade e igualdade para a abolición da prostitución”**, (publicada no BOPG número 265, do 27 de xaneiro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Consello da Xunta, celebrado o pasado 4 de agosto, aprobou o I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, a folia de ruta do Goberno galego para combater esta lacra que contén 6 principios reitores, 5 áreas estratéxicas, 11 obxectivos operativos e un total de 59 medidas que se desenvolverán grazas a un investimento de máis de 7 millóns de euros. Trátase dun documento estratéxico froito dun proceso de elaboración participativo, xa que se deseñou en colaboración coas organizacións especializadas neste ámbito e que se agrupan na Rede Galega contra a Trata Sexual. De feito, o 61% das 59 medidas baséanse en propostas das entidades de dita Rede.

O Plan pon o foco no fortalecemento dos recursos de atención integral ás vítimas que se xestionarán en colaboración coas entidades especializadas, un eido ao que se reserva a maior parte do orzamento. O Goberno galego busca, co primeiro instrumento nesta materia con dotación orzamentaria, articular políticas que dean unha resposta integral e coordinada ás situacións de trata e contribuír á súa erradicación, xa que unha sociedade xusta e democrática non pode tolerar a persistencia da violencia sexual e das situacións de explotación, que afectan principalmente a mulleres e nenas, afondando nas súas raíces e



nas desigualdades. Así, este Plan persegue contribuír a un cambio cultural a favor da plena igualdade entre mulleres e homes.

O documento constitúe, así, a folia de ruta da Administración autonómica galega para loitar contra a trata sexual e a prostitución, reforzando os mecanismos para a súa prevención e para articular unha mellor intervención coordinada dos distintos axentes.

A nova ferramenta presenta seis principios reitores: as vítimas e sobreviventes como titulares de dereitos e protagonistas do plan; perspectiva de xénero; interseccionalidade; intervención integral e coordinada; primacía do interese superior da persoa menor de idade; e aliñamento cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030.

Así mesmo, contén cinco áreas estratéxicas: para a prevención, educación e sensibilización social; o reforzo dos procesos de detección, identificación e protección das vítimas; fortalecemento dos recursos de atención integral; investigación e mellora do coñecemento para a intervención; e mellora da coordinación interinstitucional. E entre as principais medidas atópanse o fortalecemento á saúde mental das vítimas de trata a través de programas sociosanitarios innovadores que contribúan á reparación do dano e ao seu benestar psicosocial; o apoio ás persoas menores de idade no proceso de reunificación familiar; o reforzo das políticas activas de emprego a través de incentivos á contratación, apoios á economía social e o fomento do autoemprego como opcións para a mellora da inserción laboral; e o incremento das inspeccións laborais e administrativas relacionadas coa licenza de actividade dos establecementos de exercicio de prostitución.

O Plan tamén inclúe medidas de prevención e sensibilización dirixidas ás administracións locais; accións encamiñadas á eliminación da publicidade relacionada coa prostitución e co comercio sexual; actuacións dirixidas á adolescencia e á mocidade desde un enfoque que teña en conta as novas formas de consumo de explotación sexual; e o desenvolvemento de programas para facilitar que as mulleres tomen conciencia e se autoidentifiquen como vítimas de trata, apoiándoas na interposición de denuncias e acompañándoas durante o correspondente proceso xudicial. Tamén resaltan medidas de formación e elaboración de materiais para profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde para mellorar a detección e identificación de posibles vítimas de trata; e dirixidas aos profesionais das quendas de oficio de violencia de xénero para garantir a especialización na asistencia xurídica e defensa no xuízo das vítimas.



O documento desenvolveuse seguindo os mandatos lexislativos da *Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*, que no seu artigo 3 letra f) define a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual como unha forma de violencia de xénero. De feito, Galicia foi pioneira na elaboración dun instrumento específico de actuación neste ámbito, o Protocolo de actuación institucional sobre a adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata, aprobado en 2010 en colaboración coa Fiscalía Superior de Galicia e renovado en 2012.

O compromiso do Goberno galego para a loita contra esta lacra refórzase agora coa posta en marcha deste Plan no que se enmarcan, en definitiva, accións que contribúen á sensibilización contra o consumo de prostitución e outras formas de explotación sexual, favorecen a mellora dos procesos de detección, identificación e protección das vítimas e consolidación dos recursos de atención integral ás vítimas. O que se pretende é asentarmos un sistema de atención integral para garantir ás vítimas unha vida digna e libre de violencia, garantíndolles unha axeitada resposta ás súas necesidades.

Por último, cómpre sinalar que o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero na súa medida 257 recolle que o Ministerio do Interior e a Delegación do Goberno Contra a Violencia de Xénero deben '*Impulsar a aprobación dunha lei orgánica 1/2004 de loita integral e multidisciplinar contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, que estableza mecanismos adecuados para a prevención, refórce a persecución de oficio do delito, promova a eliminación de publicidade de contido sexual e poña en marcha servizos e programas de protección social e recuperación integral das vítimas*'. E coa posta en marcha do I Plan, Galicia está a vangarda, non obstante é preciso definir un marco normativo de ámbito estatal que ampare a estas mulleres."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/09/2022 13:18:55**  
**Nº Rexistro: 40372**  
Data envío: 06/09/2022 13:18:55.110

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2022 13:18:52**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 28152**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto da restitución das urxencias médicas na Casa do Mar de Moaña"** (publicada no BOPG número 265 do 27 de xaneiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego na sesión celebrada o 5 de maio do 2022 no debate da iniciativa con número de rexistro 28153 presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=ZjEzMWRkMzYtMDVhNS00YTg1LWJjZGQYtYtc1OTEwOTA4NTcz&start=2037](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZjEzMWRkMzYtMDVhNS00YTg1LWJjZGQYtYtc1OTEwOTA4NTcz&start=2037)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/09/2022 13:18:42**  
**Nº Rexistro: 40370**  
Data envío: 06/09/2022 13:18:42.642

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2022 13:18:39**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 29123**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e don Martín Seco García, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto do establecemento dun verdadeiro plan de choque para salvar o turismo"**, (publicada no BOPG número 270, do 3 de febreiro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"En relación coa pregunta rexistrada o 27.01.2022 núm. 29123 polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, cómpre sinalar que a dita iniciativa reproduce a núm. 1160 á cal se lle deu resposta por escrito o 15.02.2021 (publicación da resposta no BOPG núm. 102), remitíndose á mesma."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/09/2022 11:51:31**  
**Nº Rexistro: 40217**  
Data envío: 05/09/2022 11:51:31.324

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/09/2022 11:51:28**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 29146**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a elaboración por parte do Goberno galego dalgún plan sobre a oferta turística nas zonas rurais"**, (publicada no BOPG número 270, do 3 de febreiro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"O escenario xurdido trala pandemia consolidou un novo modelo de viaxar máis sostible que xa estaba en auxe nos últimos anos e no que Galicia ten unha posición privilexiada. Neste sentido a nosa Comunidade conta cunha gran oferta de turismo respectuoso co medio coma o Camiño de Santiago, principal motor do sector turístico en Galicia; o termalismo, no que a Comunidade é potencia a nivel europeo; e por suposto o turismo rural e o gastronómico.

Así a Xunta está a levar a cabo accións para impulsar este tipo de turismo como o Plan Director Galicia Destino Seguro 2021-2023; o segundo Plan Territorial de Sostibilidade Turística 2022-2024, no que o turismo enogastronómico será unha prioridade ou as liñas de axudas para entidades locais para impulsar destinos turísticos sostibles."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/09/2022 11:51:24**  
**Nº Rexistro: 40216**  
Data envío: 05/09/2022 11:51:24.808

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/09/2022 11:51:21**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 29153**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da apertura dun proceso de diálogo cos concellos e coas deputacións para estudar e redefinir os posibles cambios no actual mapa de xeodestinos turísticos de Galicia"**, (publicada no BOPG número 270, do 3 de febreiro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"O artigo 23 da Lei de Turismo recolle que con carácter previo á definición e creación da denominación dos xeodestinos, se consulte a proposta cos concellos e coas entidades supramunicipais interesadas.

Os días 21 e 28 de decembro do 2021, convocáronse reunións presenciais coa dirección e os xeodestinos, Realizáronse consultas a todos os concellos que pasan a formar parte dos xeodestinos e entidades supramunicipais e remitíronse cartas aos concellos entre o 8/02/2022 e o 9/02/2022.

Unha vez recibidas as respostas dos concellos, e realizado o seu estudo, estableceuse un prazo para pechar o documento, o que se fixo o 1 de marzo de 2022.

O 15 de marzo de 2022 o Consello do Turismo de Galicia aprobou a proposta de novo mapa de xeodestinos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/09/2022 11:51:17**  
**Nº Rexistro: 40214**  
Data envío: 05/09/2022 11:51:17.465

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/09/2022 11:51:13**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 29156**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e don Martín Seco García, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun plan estratéxico termal para cada unha das catro provincias de Galicia"**, (publicada no BOPG número 270, do 3 de febreiro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"En relación coa pregunta rexistrada o 27.01.2022 núm. 29156 polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, cómpre sinalar que a dita iniciativa reproduce a núm. 18261 á cal se lle deu resposta por escrito o 28.03.2022 (publicación da resposta no BOPG núm. 305), remitíndose á mesma."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/09/2022 11:51:09**  
**Nº Rexistro: 40213**  
Data envío: 05/09/2022 11:51:09.934

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/09/2022 11:51:05**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 29157**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun novo plan estratéxico termal para Ourense”**, (publicada no BOPG número 270, do 3 de febreiro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“En relación coa pregunta rexistrada o 27.01.2022 núm. 29157 polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, cómpre sinalar que a dita iniciativa reproduce a núm. 18265 á cal se lle deu resposta por escrito o 28.03.2022 (publicación da resposta no BOPG núm. 305), remitíndose á mesma.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/09/2022 11:51:01**  
**Nº Rexistro: 40211**  
Data envío: 05/09/2022 11:51:01.528

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/09/2022 11:50:58**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 29158**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da execución, no primeiro semestre de 2021, das obras de renovación das beirarrúas da estrada PO-552, ao seu paso por Priegue e A Ramallosa, no concello de Nigrán"**, (publicada no BOPG número 270, do 3 de febreiro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta leva demostrando un compromiso firme con este Concello en materia de estradas, e nos últimos anos mellorou significativamente a accesibilidade e a seguridade viaria nas estradas autonómicas do municipio. Así, mellorouse a seguridade viaria e a accesibilidade na PO-325 neste concello, cun investimento de 8,45 M€, nunha obra que rematou en xuño do ano 2013; materializouse unha substancial mellora da mobilidade no Val Miñor e tamén no concello de Nigrán coas obras que permitiron completar os movementos dos enlaces de Baiona (Sabarís), Nigrán e Gondomar da AG-57, cun investimento superior aos 10 M€, e incluíuse ao concello no Plan de Sendas de Galicia, e neste marco realizáronse importantes investimentos como a senda peonil e ciclista na PO-325 na zona de Monte Lourido (0,33M€), que se rematou en novembro de 2017; a senda peonil e ciclista na PO-552. Treito: Coruxo-Roteas, A Estea, Priegue, na que se investiron 0,66 M€, rematada en 2018, e a senda peonil en Priegue, executada no ano 2015 na que se investiron 0,14 M€.

No marco da estratexia para eliminación de accidentes en estradas autonómicas, o investimento supera o millón de euros nos últimos anos, en dous treitos da PO-552.

Ademais, vaise reformular o proxecto doutra actuación no entorno dun Tramo de Concentración de Accidentes na mesma estrada, entre os concellos de Vigo e Nigrán, concretamente nas zonas de Saiáns e Priegue.



Polo tanto, a Xunta de Galicia vén de demostrar a súa máxima implicación na mellora das infraestruturas viarias de titularidade autonómica no concello de Nigrán, no que é o ámbito das súas competencias e prioridades, centrada en favorecer a mobilidade interurbana, manter as estradas en boas condicións de tránsito, mellorar a seguridade viaria e a execución de novas sendas peonís.

A pregunta, sen embargo, diríxese máis ao que son intereses municipais. Nas beirarrúas da PO-552 ao seu paso por Priegue e A Ramallosa, en Nigrán, existe como en centos de quilómetros de beirarrúas de estradas autonómicas a necesidade periódica de levar a cabo pequenas reparacións. Estas son atendidas pola Axencia Galega de Infraestruturas en función dos medios dos que dispón e no marco das necesidades globais en materia de conservación e mellora de estradas que debe atender. O lóxico, e que sucede na maior parte dos treitos urbanos de estradas autonómicas, é que estas pequenas reparacións sexan atendidas a nivel municipal.

No que se refire á falta de espazo dispoñible que se pode observar nalgúns puntos concretos das ditas beirarrúas, pode ser pola existencia de postes de tendidos de servizos urbanos, e que por tanto deberían ser asumidos polo Concello, ou que nalgúns casos pode ser da súa competencia, como é o caso do alumeado, ou porque a beirarrúa se axusta ao Dominio Público ou ás edificacións existentes. Neste caso cómpre sinalar que as últimas actuacións da Xunta melloraron significativamente a accesibilidade, xa que nalgúns casos as sendas discorren por treitos de estradas nos que a ampliación das beirarrúas nunha marxe é inviable por espazo físico dispoñible, e a senda discorre pola outra beira. Isto sucedeu, por exemplo, en Priegue."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/09/2022 10:07:22**  
**Nº Rexistro: 40165**  
Data envío: 05/09/2022 10:07:22.073

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/09/2022 10:07:18**

CSV: BOPGDSPG-nPns6ReoZ-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 29161**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia para a redacción do proxecto de construción da senda peonil e ciclista na PO-313, en Moaña"**, (publicada no BOPG número 270, do 3 de febreiro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, está a traballar para mellorar a rede viaria de titularidade autonómica na península do Morrazo, dando así cumprimento ao seu compromiso de mellorar a dita rede tras a finalización da conversión en autovía do corredor, na que se investiron 55 millóns de euros.

Deste xeito, estase a desenvolver o Plan de Sendas da Comarca do Morrazo, co que a Xunta está a habilitar en estradas autonómicas 8 itinerarios peonís seguros, sostibles e integrados na paisaxe. Neste momento están rematadas as obras de varios treitos na PO-551 nos concellos de Marín e de Bueu, e en execución o treito entre Bagüín e Seixo tamén na PO-551 en Marín.

Respecto a Moaña, está adxudicada a execución da obra da senda mixta peonil e ciclista entre A Moureira e Palmás, na PO-551 en Domaio. O proxecto construtivo neste caso, implica un investimento en Orzamento Base de Licitación de 1,66 millóns de euros, substancialmente maior da previsión inicial. Este incremento débese á necesidade de ampliar a plataforma da estrada cunha estrutura en voladizo para poder situar a senda,



debido ás condicións topográficas da estrada, e ao aumento de lonxitude que se realizou para conectala coa beirarrúa existente no lado de Meira.

O investimento neste conxunto de sendas acada os 5,2 millóns de euros.

Estanse tamén a promover as actuacións necesarias para eliminar os treitos de concentración de accidentes na rede autonómica de estradas no Morrazo. A data de hoxe están rematadas a mellora da seguridade viaria na PO-551 en Bueu e Marín, e tamén a da mesma estrada en Domaio (Moaña), e estase a traballar na execución doutras actuacións tanto en Cangas como en Moaña, cun investimento conxunto de 3,3 millóns de euros.

En consecuencia, a Xunta de Galicia está a traballar moi intensamente para a mellora da rede viaria autonómica na península do Morrazo, con actuacións que implican un investimento de 8,5 M€ para a seguridade dos seus usuarios e que inclúe os treitos priorizados da PO-313. Esta programa de actuacións responde en ambos casos a criterios obxectivos, como son o cálculo coa metodoloxía establecida dos treitos de concentración de accidentes, e a estratexia para a sendas na comarca do Morrazo que se pode consultar na páxina web da Axencia Galega de Infraestruturas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/09/2022 10:07:14**  
**Nº Rexistro: 40164**  
Data envío: 05/09/2022 10:07:14.323

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/09/2022 10:07:11**

CSV: BOPGDSPG-nPns6ReoZ-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 29162**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade respecto da adxudicación, no primeiro semestre de 2021, das obras de construción dunha senda peonil e ciclista entre A Moureira e Palmás, no concello de Moaña"**, (publicada no BOPG número 270, do 3 de febreiro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"Nos últimos anos o maior investimento en infraestruturas viarias da Xunta de Galicia correspondeuse coa autovía do Morrazo, que dá servizo principalmente aos concellos de Moaña, Cangas e Bueu. Ademais, a través da Axencia Galega de Infraestruturas estase a traballar para mellorar de modo moi intenso a rede viaria de titularidade autonómica na península do Morrazo.

Deste xeito, estase a desenvolver o Plan de Sendas da Comarca do Morrazo, co que a Xunta está a habilitar en estradas autonómicas 8 itinerarios peonís seguros, sostibles e integrados na paisaxe. Así, en Moaña habilitarase unha senda entre A Moureira e Palmás, na PO-551 en Domaio. Tras someter o proxecto a información pública e como resultado das suxestións recibidas, a Xunta aumentou en 300 metros o treito de actuación, de modo que se conectase coa beirarrúa existente no lado de Meira. O 8 de marzo de 2021 ditouse a resolución pola que se aproba definitivamente o proxecto de Fomento da mobilidade sostible. Senda na PO-551. Treito: A Moureira- Palmás e o pasado 23 de novembro licitáronse as obras, que contan cun prazo de execución de 12 meses.



Estanse tamén a promover as actuacións necesarias para eliminar os treitos de concentración de accidentes na rede autonómica de estradas no Morrazo. En concreto, as actuacións previstas na PO-551 no concello de Moaña afectan aos tramos entre os puntos quilométricos 21+100 e 23+000, licitado a finais do pasado ano; e entre os puntos quilométricos 29+000 e 32+700, que está en execución.

En síntese, a Xunta de Galicia está a traballar moi intensamente para a mellora da rede viaria autonómica na península do Morrazo, con actuacións que implican un investimento de 8,5 M€ para a seguridade dos seus usuarios. Esta programación de actuacións responde a criterios obxectivos, como son o cálculo coa metodoloxía establecida dos treitos de concentración de accidentes, e a estratexia para a sendas na comarca do Morrazo que se pode consultar na páxina web da Axencia Galega de Infraestruturas."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/09/2022 10:07:06**  
**Nº Rexistro: 40163**  
Data envío: 05/09/2022 10:07:06.339

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/09/2022 10:07:03**

CSV: BOPGDSPG-nPns6ReoZ-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 29165**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego para formalizar o cambio do xeodestino Manzaneda-Trevinca solicitado polo Concello da pobra de Trives ao xeodestino Ribeira Sacra”**, (publicada no BOPG número 270, do 3 de febreiro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O novo mapa de xeodestinos aprobado polo Consello de Turismo de Galicia o pasado 15 de marzo de 2022 xa contempla a inclusión do Concello da Pobra de Trives no Xeodestino Ribeira Sacra.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/09/2022 11:50:55**  
**Nº Rexistro: 40209**  
Data envío: 05/09/2022 11:50:55.215

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/09/2022 11:50:52**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 29167**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da execución das obras da rotonda de Elduayen, no concello de Gondomar”**, (publicada no BOPG número 270, do 3 de febreiro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O pasado mes de febreiro de 2021 o Concello de Gondomar remitiulle á Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) unha proposta de reforma de glorieta na Avenida de Elduayen, PO-340, no núcleo de Gondomar.

O 26 de marzo de 2021 o director da AXI envioulle ao alcalde de Gondomar unha carta de contestación na que lle comunicou que a proposta, a pesar de non ter un suficiente nivel de detalle, foi analizada dende o punto de vista técnico, en especial no que se refire á seguridade viaria, e que se concluíu que a proposta de reforma da glorieta empeoraría a seguridade viaria. Así, penaliza de xeito importante os movementos ao longo da PO-340, ao xerar movementos de entrada á glorieta desde a PO-340 con cambios bruscos de traxectoria e radios de xiro moi reducidos, que empeoran a seguridade viaria nos ramais pertencentes á rede autonómica de estradas e, ademais, os illotes deflectores deseñados nas entradas á glorieta desde a PO-340 teñen un tamaño moi reducido, inferior aos actuais, o que dificulta a percepción da glorieta.

Na misiva remitida ao alcalde de Gondomar indicóuselle tamén que a sinistralidade rexistrada nese punto da PO-340 non é significativa. De acordo aos datos dos partes de



accidentes da DGT, nos últimos 5 anos tan só se contabilizou un accidente con vítimas, foi en setembro de 2018 e sen feridos graves. Polo tanto, no caso de presentarse unha nova proposta esta deberá formularse de modo que non se empeore a seguridade viaria.

Finalmente, indicar que a carta de resposta da AXI acompañouse dunha nota técnica, que contén a análise pormenorizado da proposta recibida, co fin de que dende o Concello se poida tomar en consideración para a reformulación da proposta, que se deberá remitir co suficiente nivel de detalle.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/09/2022 10:06:58**  
**Nº Rexistro: 40162**  
Data envío: 05/09/2022 10:06:58.620

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/09/2022 10:06:55**

CSV: BOPGDSPG-nPns6ReoZ-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 29171**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para a realización das obras de soterramento da avenida de Beiramar en Vigo”**, (publicada no BOPG número 270, do 3 de febreiro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O túnel de Beiramar é unha actuación que precisa do acordo do Porto e do Concello de Vigo para saír adiante de forma satisfactoria para todos. O Concello de Vigo debe procurar esa situación de consenso como punto de partida para abordar o acordo institucional que permita o seu impulso.

A pesar disto, a Xunta de Galicia está a apostar por mellorar e humanizar a fronte portuaria da cidade de Vigo en colaboración coa Autoridade Portuaria e buscando o consenso cos sectores económicos portuarios. Traballarase con especial intensidade no treito da Avenida de Beiramar entre a Praza da Industria Conserveira e Bouzas, humanizándoa e permitindo un tránsito seguro de bicicletas e peóns ao longo dela. Darase así continuidade ao carril bici en execución pola autoridade portuaria nas zonas de As Avenidas e Beiramar. Polo tanto, a Xunta aposta por actuacións realistas e a curto prazo para a mellora do borde portuario de Vigo.

A día de hoxe xa se asinou o convenio entre a Xunta de Galicia e a Autoridade Portuaria de Vigo para a execución de actuacións de mobilidade sostible no ámbito portuario de



Beiramar, estando xa adxudicada a primeira das actuacións, no treito entre A Laxe e O Berbés.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/09/2022 10:09:38**  
**Nº Rexistro: 40178**  
Data envío: 05/09/2022 10:09:38.899

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/09/2022 10:09:35**

CSV: BOPGDSPG-nPns6ReoZ-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 29175**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para elaborar un programa de termalismo social”**, (publicada no BOPG número 270, do 3 de febreiro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“En relación coa pregunta rexistrada o 27.01.2022 núm. 29175 polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, cómpre sinalar que a dita iniciativa reproduce a núm. 18307 á cal se lle deu resposta por escrito o 08.04.2022 (publicación da resposta no BOPG núm. 310), remitíndose á mesma.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/09/2022 11:50:49**  
**Nº Rexistro: 40208**  
Data envío: 05/09/2022 11:50:49.012

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/09/2022 11:50:45**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 29192**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“ as previsións da Xunta de Galicia respecto da aprobación do III Programa Muller e Ciencia”** (publicada no BOPG número 270 do 3 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 9 de xuño, o consello da Xunta deu luz verde ao acordo polo que se aproba o III Programa galego de muller e ciencia 2022-2025.

Este instrumento contará co maior orzamento da súa historia, 44,7 millóns de euros. Co obxectivo de lograr un sistema galego da ciencia, tecnoloxía e innovación que incorpore de xeito efectivo o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

O documento conta con 20 obxectivos específicos e 50 medidas para avanzar na incorporación das mulleres, en condicións de igualdade, ao ámbito científico e tecnolóxico. Todas elas artéllanse en torno a 4 eixes prioritarios:

- O primeiro busca dar visibilidade ás traballadoras nestes sectores, na idea de sensibilizar a sociedade, de impulsar o coñecemento de referentes femininas e de formar o persoal docente para animar as nenas na súa vocación.
- O segundo pon o foco na igualdade no acceso e promoción das mulleres no ámbito da ciencia. Prevé actuacións de apoio ás vocacións no bacharelato e un sistema de monitoreo nas etapas iniciais da carreira investigadora coa axuda de





asociacións de científicas e investigadoras. Tamén contempla o establecemento de criterios de discriminación positiva na avaliación do desempeño do persoal investigador, dos proxectos, no liderado por parte de mulleres dos equipos e o reforzo das investigadoras principais, así como o impulso ao doutoramento feminino industrial.

- O terceiro diríxese ao traballo con institucións públicas e privadas, con medidas específicas como acordos para que contén con plans de igualdade, medidas antiacoso, promovan axudas específicas para o coidado de menores e persoas en situación de dependencia ou mesmo se reforcen as iniciativas emprendedoras de mulleres en proxectos tecnolóxicos e científicos, en especial no medio rural.

- O cuarto, e último eixe centrarase na vixilancia da situación das mulleres no eido da ciencia, mediante a avaliación periódica do grao de cumprimento do programa e dos seus indicadores.

Para o deseño do III Programa Muller e Ciencia, a Xunta abriu un proceso participativo, que contou coas contribucións chegadas dos diferentes departamentos do Goberno galego, de asociacións de mulleres científicas e de representación das empresas e centros de ámbito tecnolóxico.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/09/2022 10:09:32**  
**Nº Rexistro: 40177**  
Data envío: 05/09/2022 10:09:32.164

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/09/2022 10:09:29**

CSV: BOPGDSPG-nPns6ReoZ-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 29518**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os motivos polos que este ano a Axencia Turismo de Galicia non empregou o procedemento de concesión en réxime de concorrência competitiva para a concesión das subvencións a concellos de ata dez mil habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas"**, (publicada no BOPG número 275, do 10 de febreiro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"As subvencións ás que se refire a pregunta, reguladas pola Resolución publicada no DOG de data 19/09/2021, teñen por obxecto o fomento da recuperación, da accesibilidade e da sinalización dos recursos turísticos en concellos de ata 10.000 habitantes cara á consolidación da oferta turística nas zonas rurais a través da posta en valor da súa riqueza histórica, cultural, patrimonial e paisaxística.

Dos 313 concellos que conforman Galicia, mais do 80% son concellos de menos de 10.000 hab., polo que co obxecto de facilitar o acceso, xestión e xustificación das axudas optouse por facer a convocatoria baixo o réxime de concorrência non competitiva e así facilitar a aqueles concellos mais pequenos e con menos recursos a posibilidade de optar á mellora das súas infraestruturas turísticas.

A relación dos concellos e das achegas económicas foron publicados no Diario Oficial de Galicia de data 11/01/2022. Nesta relación pódese comprobar que o primeiro concello beneficiario foi Porto do Son que presentou a solicitude ás 00:01:04h.



Como valoración final, pódese considerar ca convocatoria foi un éxito, tanto polo alto número de concellos que presentaron solicitude, incrementando o número de solicitudes respecto da convocatoria do ano 2021, como polo feito de que o crédito orzamentario foi totalmente consumido.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/09/2022 11:50:35**  
**Nº Rexistro: 40204**  
Data envío: 05/09/2022 11:50:35.309

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/09/2022 11:50:32**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 29693**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a transparencia na comunicación das actuacións da Xunta de Galicia en relación coa posible implantación de parques eólicos mariños nas costas galegas"** (publicada no BOPG número 275 do 10 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A pregunta foi atendida na intervención da persoa representante da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, con motivo do debate da pregunta 29690 que tivo lugar na sesión do 3 de marzo de 2022 da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo. O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=NjE0MWMzZmltYzg2MCO0YTEyLWE3NGQtNzY0MGEzNGNmNjcz&start=4754](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NjE0MWMzZmltYzg2MCO0YTEyLWE3NGQtNzY0MGEzNGNmNjcz&start=4754)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/09/2022 09:36:55**  
**Nº Rexistro: 40532**  
Data envío: 08/09/2022 09:36:55.678

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/09/2022 9:36:48**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 29933**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e dona Olalla Rodil Fernández sobre **"o apoio ás mobilizacións feministas do 8 de marzo e demanda dos compromisos pendentes"** (publicada no BOPG número 277 do 16 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O pasado 19 de maio o Consello da Xunta aprobou o VIII Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027 cun orzamento de 935,5 millóns de euros, o maior da historia dun documento de planificación destas características, co reto de avanzar na loita contra as discriminacións e previr a violencia de xénero para conseguir unha igualdade de xénero real e efectiva en todos os ámbitos.

O Plan outorgará máis estabilidade e sustentabilidade ás políticas autonómicas de igualdade ao contar cun horizonte temporal máis amplo que o predecesor, con máis ámbitos de actuación e cunha avaliación intermedia, ao remate do primeiro trienio, para identificar as medidas que se levaron a cabo e as que non, permitindo, así, coñecer os resultados das diferentes actuacións. Ao remate da vixencia do plan farase a avaliación final.

Como novidade, dáse máis relevancia á empregabilidade, emprendemento e eliminación da fenda salarial; á igualdade nos eidos do rural e do mar; e ao





apoderamento, sororidade e participación social da muller en todas as esferas da vida pública e privada.

O VIII Plan estratéxico inclúe en total 128 liñas de accións enmarcadas en oito ámbitos de actuación específicos e un transversal. Este último contén catro eixes diferenciados para que a perspectiva de xénero se inclúa en todos os programas e accións do Goberno galego: a resposta aos efectos da Covid-19 que tiveron un impacto máis significativo nas mulleres; a diversidade das mulleres con respecto á procedencia migratoria, orixe social, orientación sexual, idade ou discapacidade; a ruralidade para que o lugar de residencia non se converta nun factor máis de discriminación; e o carto eixe transversal xirará en torno á interseccionalidade para abordar a situación das mulleres en contextos de especial vulnerabilidade.

Ademais, destácase que o Plan contou para o seu deseño coa implicación de todos os departamentos da Xunta e coa elaboración previa dunha diagnose sobre as desigualdades de xénero, así como cun proceso de revisión de plans, programas, informes e normativa vixente. A súa elaboración, ademais, baseouse en seis principios reitores: a igualdade como motor de progreso social e económico; o afianzamento da transversalidade de xénero; a colaboración intra e interinstitucional; a participación e corresponsabilidade civil; o poderamento das mulleres; e o aliñamento cos obxectivos da Axenda 2030.

É preciso destacar, ademais, que o documento está en concordancia coa futura Lei galega de igualdade de mulleres e homes que a Xunta está a tramitar co fin de seguir avanzando cara á igualdade laboral, actualizar e unificar nunha mesma norma as medidas autonómicas para a loita contra a discriminación múltiple e os ataques sexistas á muller e referendar o compromiso da Administración galega coa formación profesional e o emprego feminino de calidade, entre outros.

Por último, sinálase que o VIII Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027 constitúe, en definitiva, un documento marco que engloba os diferentes plans de igualdade que está a desenvolver a Xunta,





XUNTA  
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

como son, entre outros, o III Programa Muller e ciencia 2022-2025; o I Plan galego contra a trata; o Plan galego de conciliación e corresponsabilidade, do cal se está a elaborar unha nova edición ou o Estatuto da muller rural e do mar, que formará parte da nova Lei de igualdade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/09/2022 13:17:04**  
**Nº Rexistro: 40356**  
Data envío: 06/09/2022 13:17:04.675

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2022 13:17:01**

CSV: BOPGDSPG-nPns6ReoZ-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 29963**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e don Martín Seco García, sobre **"a promoción turística internacional de Galicia"**, (publicada no BOPG número 277, do 16 de febreiro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"A nova realidade de consumo turístico derivada da pandemia, motivou que Turismo de Galicia elaborara conxuntamente co sector un novo plan estratéxico: 'Plan director Galicia destino seguro 2021-23'.

No punto 7 deste Plan Director -no que se aposta por un modelo de turismo sustentable e aliñado coa Axenda 2030 das Nacións Unidas-, establécense as Liñas estratéxicas e plans de acción, e o apartado 4 está dedicado á promoción, comercialización e márketing turístico.

As presentacións de Galicia en diferentes mercados emisores internacionais proxectáronse por iniciativa da Xunta de Galicia dentro da programación do Xacobeo 2021-22, comezando no 2021. En 2021 tiveron lugar as presentacións do Xacobeo en Lisboa, Oporto, Roma e Milán. E neste ano 2022 celebráronse xa en París, Zúrich, Hamburgo, Frankfurt, Londres; e proximamente celebraranse en Nova York, Miami e Dublín.





A maiores compre destacar que Galicia é unha Comunidade Autónoma leal, e por iso colabora en toda a súa programación internacional con Turespaña. Esta colaboración reflíctese na elaboración dun Plan Operativo Anual conxunto no que están reflectidas as accións propostas para os diferentes mercados emisores internacionais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/09/2022 11:50:28**  
**Nº Rexistro: 40203**  
Data envío: 05/09/2022 11:50:28.310

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/09/2022 11:50:24**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 30190**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para incoar expedientes as entidades responsables da demora na remisión de facturas da luz”** (publicada no BOPG número 277 do 16 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención do director xeral de Comercio e Consumo, con motivo do debate da pregunta 30187 que tivo lugar na sesión do 4 de marzo de 2022 da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos. O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=YzcyNTc5YjltZTE1OC00ZTM5LTg0ODctMTViYjQxZDkxMzc3&start=1954](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YzcyNTc5YjltZTE1OC00ZTM5LTg0ODctMTViYjQxZDkxMzc3&start=1954)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/09/2022 09:36:41**  
**Nº Rexistro: 40531**  
Data envío: 08/09/2022 09:36:41.537

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/09/2022 9:36:31**

CSV: BOPGDSPG-nPns6ReoZ-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 30206**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Marina Ortega Otero, sobre **"a implantación do servizo de hospitalización a domicilio"** (publicada no BOPG número 277 do 16 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego na sesión celebrada o 31 de marzo do 2022 no debate da iniciativa con número de rexistro 30207 presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=MGQ0N2IyNzltZTJhYi00OWM1LWJlYzktMWUzYzQxYmM5MjM2&start=5060](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MGQ0N2IyNzltZTJhYi00OWM1LWJlYzktMWUzYzQxYmM5MjM2&start=5060)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/09/2022 13:16:51**  
**Nº Rexistro: 40354**  
Data envío: 06/09/2022 13:16:51.784

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2022 13:16:48**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 30223**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e don Martín Seco García, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto do transporte de pasaxeiros entre A Guarda e Caminha para dar continuidade ao Camiño Portugués da Costa"**, (publicada no BOPG número 277, do 16 de febreiro de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia, impulsou un proxecto de turismo náutico sostible na bisbarra do Baixo Miño que inclúe, como primeira medida, o establecemento de viaxes en barco eléctrico entre a estación marítima de ferri da Guarda e a localidade portuguesa de Caminha dende a pasada Semana Santa.

Este servizo, arrinca a pasada semana santa nunha primeira fase do proxecto con dúas embarcacións, unha delas eléctrica, para conectar os portos da Guarda e de Caminha. Prevese tamén unha segunda fase, que consistirá na habilitación dun barco de propulsión eléctrica con capacidade para 12 viaxeiros que conectará ambos pantaláns.

O trazado oficial do Camiño Portugués ao seu paso por Galicia é o aprobado a través da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia no ano 2016 e atópase correctamente sinalizado, agás no Concello de Vigo pola reiterada falla de colaboración deste Concello.

En canto ao trazado portugués, o pasado 3 febreiro do 2022, o goberno luso oficializa o Camiño Portugués pola Costa dentro do seu territorio. Con este novo itinerario delimitado e oficializado no seu tramo portugués os peregrinos poderán continuar o seu camiño desde Portugal cara Santiago de Compostela a través de dúas entradas:



- Desde Caminha a A Guarda a través do Camiño Portugués da Costa.
- Ou continuando ata Valença do Miño e cruzando a Tui polo Camiño Portugués.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/09/2022 11:50:20**  
**Nº Rexistro: 40201**  
Data envío: 05/09/2022 11:50:20.763

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/09/2022 11:50:17**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 30313**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación acontecida no punto de atención continuada da Parda o domingo 26 de febreiro"** (publicada no BOPG número 277 do 16 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de envalarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego na sesión celebrada o 3 de marzo do 2022 no debate da iniciativa con número de rexistro 30314 presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDEyMDg4YzctMWRhNS00ZW11LTllYjMtYjhhkOGE5NzEzZWE3&start=6797>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/09/2022 13:16:31**  
**Nº Rexistro: 40351**  
Data envío: 06/09/2022 13:16:31.535

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2022 13:16:28**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 30751**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a prórroga do contrato da Inspección Técnica de Vehículos"** (publicada no BOPG número 282 do 24 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"Esta pregunta foi atendida na intervención da directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, con motivo do debate da pregunta 30750 que tivo lugar na sesión do 10 de marzo de 2022 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDRkOTk3ZmYtMTljYi00ZTRmLWFKYzMtYTE4Y2NmZjA1ZmZm&start=4917>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/09/2022 12:11:43**  
**Nº Rexistro: 40475**  
Data envío: 07/09/2022 12:11:43.852

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/09/2022 12:11:41**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 30838**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Daniel Castro García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a promoción dunha maior entrada das mulleres nas tecnoloxías da información e a comunicación"** (publicada no BOPG número 282 do 24 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O pasado 23 de marzo foi presentado ao Pleno do Consello Galego das Mulleres o informe "A situación das mulleres galegas e as TICS".

Existe o risco de que as mulleres queden fóra dos empregos do futuro, nos que a tecnoloxía será fundamental. Esta é unha das conclusións do informe elaborado polo grupo de traballo do Consello Galego das Mulleres, que constata unha fenda no emprego entre mulleres e homes de case 35 puntos. Ante isto, a Xunta de Galicia avoga por colaborar coas universidades, con entidades privadas e no seo da comunidade escolar, para encamiñar ás nenas e mozas cara á formación TIC e para promover a iniciativa empresarial tecnolóxica, tamén no medio rural.

O informe, expón que a fenda de xénero no emprego do sector TIC acada case os 35 puntos. En 2020, estas actividades xeraban un total de 24.393 postos de traballo, dos que soamente o 32,6% eran mulleres. A menor presenza laboral feminina por tipo de actividade concéntrase na fabricación de compoñentes electrónicos (10,4%) e na fabricación de ordenadores (12,5%).



Outro dos indicadores sinala que un 30% das empresas TIC que operan en Galicia non contan con ningunha muller no seu cadro de persoal e só no 14% dos casos existe presenza de mulleres nos equipos directivos.

Estes datos reflectidos no informe do Consello Galego das Mulleres, complétanse cos referidos á formación profesional e universitaria en Galicia. Se o 55,8% das matriculacións universitarias na Comunidade corresponderon en 2020 a mulleres, en titulacións máis técnicas a súa presenza baixa; como é o caso de informática, onde apenas acadan o 12%; ou nas enxeñerías, onde copan o 28% do estudantado. Na formación profesional, o 43% das matriculadas son mulleres, pero na familia da informática e a comunicación a porcentaxe baixa ao 15%.

A Xunta quere referendar o seu compromiso e potenciar as vocacións tecnolóxicas entre nenas e mozas e a empregabilidade das mulleres no sector tecnolóxico. Así, reforzará os mecanismos de colaboración coas universidades e axentes de emprendemento para achegar ás estudantes ás carreiras técnicas, así como a implicación transversal dos responsables da formación profesional, dos equipos de orientación dos centros escolares e dos departamentos centrados no eido rural para mellorar a ampliar a representación feminina no sector e achegar ás mulleres a iniciativas de base tecnolóxica.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/09/2022 13:16:12**  
**Nº Rexistro: 40348**  
Data envío: 06/09/2022 13:16:12.113

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2022 13:16:09**

CSV: BOPGDSPG-nPns6ReoZ-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







Ref. ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 31263**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos, e outras deputadas do mesmo grupo sobre, **"as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para garantir o dereito efectivo da lei de eutanasia"** (publicada no BOPG número 286 do 2 de marzo de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Sanidade, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego na sesión celebrada o 31 de marzo do 2022 no debate da iniciativa con número de rexistro 31260 presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MGQ0N2lyNzltZTJhYi00OWM1LWJlYzktMWUzYzQxYmM5MjM2&start=6673> "

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/09/2022 10:20:17**  
**Nº Rexistro: 40098**  
Data envío: 02/09/2022 10:20:17.274

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2022 10:20:14**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 31496**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da proposta de convenio de destinar dous pavillóns do Instituto Feiral de Vigo ao uso da práctica deportiva”** (publicada no BOPG número 289 do 9 de marzo de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención do director xeral de Comercio e Consumo, con motivo do debate da pregunta 31497 que tivo lugar na sesión do 24 de marzo de 2022 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=YTI5MGlyY2ltYTg4YS00YWQ3LTgwYzgtNTJiMTlkNzI2Y2Qw&start=1546](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YTI5MGlyY2ltYTg4YS00YWQ3LTgwYzgtNTJiMTlkNzI2Y2Qw&start=1546)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/09/2022 11:19:52**  
**Nº Rexistro: 40558**  
Data envío: 08/09/2022 11:19:52.809

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/09/2022 11:19:50**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 31862**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o motivo para non incluír as illas Cíes na convocatoria para desenvolver accións con perspectiva turística en Bens de Interese Cultural dentro do Plan Nacional Xacobeo do Goberno de España"**, (publicada no BOPG número 292, do 16 de marzo de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"O contido e alcance das actuacións que se desenvolverán ao abeiro do Plan Nacional Xacobeo foron obxecto de sucesivos acordos acadados na Comisión Sectorial de Turismo e na Conferencia Sectorial de Turismo coa participación de tódalas Comunidades Autónomas afectadas e o Goberno do Estado, e nas que tamén participa como invitada a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/09/2022 11:49:58**  
**Nº Rexistro: 40198**  
Data envío: 05/09/2022 11:49:58.951

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/09/2022 11:49:56**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 31867**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a previsión de Portos de Galicia en relación co servizo de transporte de pasaxeiros entre as vilas de A Guarda e Caminha”** (publicada no BOPG número 292 do 16 de marzo de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O 18 de maio de 2022 a presidenta de Portos de Galicia, e a directora xeral de Turismo de Galicia, visitaban as instalacións de transporte de pasaxeiros do porto da Pasaxe-Camposancos, no municipio da Guarda para comprobar o funcionamento dos servizos de transporte de pasaxeiros nesta zona fronteiriza con Portugal.

Ambas representantes do Executivo autonómico lembraron que a mobilidade de peregrinos por mar entre Portugal e A Guarda está absolutamente garantida como corresponde ás necesidades turísticas do Camiño de Santiago.

A presidenta de Portos de Galicia lembrou que o ente público requiriu ao Concello da Guarda a documentación necesaria para autorizar o servizo do ferri entre Portugal e a Guarda, sen ter ata o momento resposta da administración local. Ademais, para contribuír a facilitar a mobilidade dos peregrinos neste Xacobeo, a Xunta de Galicia habilitou o Xacobeo transfer, un servizo de transporte dos camiñantes entre ambas beiras da desembocadura do Miño a través de dúas





embarcacións. Deste xeito, subsánase a falta de servizo derivada da decisión da empresa portuguesa titular do ferri de paralizalo despois de que o barco sufrise unha avaría meses atrás.

A presidenta de Portos de Galicia lembrou os problemas de calado existentes no trazado entre Camiña e España que condicionan o servizo do ferri ás mareas polas características da embarcación. A este respecto indicar que esta zona pertence a Rede Natura, o que dificultaría considerablemente promover e tramitar unha potencial dragaxe e sucesivas de mantemento. Ademais, o problema de calado afecta tanto a solo español, de titularidade do Estado, como portugués. Non en van, foi o Goberno central o responsable da última dragaxe executada no ano 2009”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/09/2022 12:11:22**  
**Nº Rexistro: 40472**  
Data envío: 07/09/2022 12:11:22.759

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/09/2022 12:11:19**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32223**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da protección do sector pesquero da ameaza das instalacións eólicas mariñas”** (publicada no BOPG número 296 do 23 de marzo de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Galicia mantén o seu compromiso polo desenvolvemento das renovables para seguir sendo unha referencia. De feito, máis do 74% da enerxía eléctrica producida na nosa Comunidade procede actualmente deste tipo de fontes, entre as que destacan a eólica terrestre e a hidráulica.

Deste xeito, Galicia xa está actualmente cumprindo o obxectivo marcado a nivel estatal para 2030. Unha aposta polas enerxías limpas que non se detén e que a Xunta redobrará a través da nova Axenda Enerxética, coa que se busca promover novas enerxías renovables para facilitar a caída do prezo eléctrico e para que o tecido empresarial e industrial, desde a sustentabilidade, poidan gañar en competitividade.

É o caso do hidróxeno verde e a eólica mariña. Sobre esta última, Galicia ten claro que o seu desenvolvemento futuro debe pasar sempre por garantir a súa compatibilidade coa actividade pesqueira e a preservación do ecosistema.





Polo tanto, é preciso, tal e como tamén apuntan desde a UE, que o Goberno concrete cal é o documento definitivo dos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo. Sen esa folla de ruta non se poderá avanzar neste asunto.

É dicir, ningún promotor pode tramitar un proxecto de eólica mariña ata que o Goberno delimite as zonas dentro do plan sectorial.

Mentres agarda, Galicia seguirá pola senda do diálogo e o consenso. Para iso se creou o Observatorio da eólica mariña, no que tamén están representados o sector marítimo-pesqueiro e a industria: o punto de encontro onde identificar oportunidades e analizar o impacto que suporía a instalación destes parques”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/09/2022 12:11:07**  
**Nº Rexistro: 40470**  
Data envío: 07/09/2022 12:11:07.915

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/09/2022 12:11:05**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 32530**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto da anulación da adxudicación da estación de esquí de Manzaneda"**, (publicada no BOPG número 300, do 30 de marzo de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a estas preguntas xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento de Galicia na sesión celebrada o 8 de abril de 2022 no debate da iniciativa con número de rexistro 32528, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDJiMTllNmMtYzBhNi00NGM1LWE4NTYtYjZjNGViNTEwZGUw&start=2085>

Na devandita sesión, o Goberno informou, entre outras cuestións, que a Xunta de Galicia continúa traballando nos asuntos que se estiman de relevancia para o desenvolvemento da Estación de Montaña de Manzaneda como un dos motores de dinamización e por conseguinte da xeración de riqueza para toda a comarca."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/09/2022 13:15:50**  
**Nº Rexistro: 40345**  
Data envío: 06/09/2022 13:15:50.957

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2022 13:15:47**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ff

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 32580**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **"a postura da Xunta de Galicia respecto da construción dun novo centro de saúde en Negreira"**, (publicada no BOPG número 300, do 30 de marzo de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego na sesión celebrada o 2 de xuño do 2022 no debate da iniciativa con número de rexistro 32581 presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTZjNWEzYTETnJRiOS00MDg2LWFjNjltODUyMTgwMzMzMzNiMDU0&start=2312>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/09/2022 13:15:36**  
**Nº Rexistro: 40343**  
Data envío: 06/09/2022 13:15:36.911

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2022 13:15:34**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 32715**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a anulación do contrato de xestión da Sociedade Pública Estación de Inverno de Manzaneda á empresa Artabria Turismo S.L."**, (publicada no BOPG número 300, do 30 de marzo de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"A resolución xudicial acaída neste procedemento recolle un error de forma, pero sen censurar o procedemento de contratación nin a capacidade da empresa que presta actualmente o servizo.

A sentenza sobre o recurso á adxudicación do contrato da xestión da estación de Manzaneda á empresa Artabria Turismo é recurrible, e un proceso aberto, e Meisa ten promovido o recurso de apelación a dita sentenza cara a clarificar que o procedemento levouse a cabo segundo a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/09/2022 11:49:52**  
**Nº Rexistro: 40197**  
Data envío: 05/09/2022 11:49:52.357

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/09/2022 11:49:49**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 32826**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a inclusión do concello de Vilanova de Arousa no xeodestino do Salnés"**, (publicada no BOPG número 300, do 30 de marzo de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"A inclusión do Concello de Vilanova no xeodestino Mar de Santiago está xustificada pola valorización da Ruta Xacobeá Marítimo Fluvial polo Mar de Arousa e o Río Ulla (Ruta Traslatio), ruta que figura como Actuación de Cohesión do Plan Nacional Turístico Xacobeo e cuxo obxectivo é converter esta ruta nun camiño a Santiago de referencia e equiparalo ás demais rutas Xacobeas, captar novos visitantes e peregrinos e consolidar Galicia como destino turístico náutico.

Así mesmo, a creación do xeodestino Mar de Santiago non implica que o Concello de Vilanova de Arousa deixe de pertencer á Mancomunidade do Salnés da que forma parte, tendo en conta que a Mancomunidade ten ademais do turismo, outros fins relacionados como o abastecemento da auga, eliminación de augas residuais, mantemento de viais, sendeiros e espazos públicos, servizos de recollida, tratamento e eliminación de residuos, ou proxectos culturais, deportivos que afectan a varios concellos, tal e como consta nos seus estatutos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/09/2022 11:49:45**  
**Nº Rexistro: 40196**  
Data envío: 05/09/2022 11:49:45.826

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/09/2022 11:49:42**

CSV: BOPGDSPG-nPns6Reoz-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 32871**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dona Noa Presas Bergantiños sobre **"as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia naqueles casos de violencia machista que non recibiron ou reciben tal consideración na lexislación estatal, nomeadamente o caso de Jéssica Méndez"** (publicada no BOPG número 301 do 31 de marzo de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A violencia de xénero é un problema de toda a sociedade, e polo tanto toda a sociedade, incluídas as institucións públicas, ten a obriga de involucrarse na procura de solucións eficaces para previr este tipo de violencia, así como para protexer ás vítimas da mesma.

Este é o espírito do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, aprobado a finais do ano 2017 por todas as Comunidades Autónomas, un instrumento que naceu da necesidade de acadar acordos a partir dun consenso institucional, político e social que amose, sen fisuras, o compromiso de toda a sociedade e permita impulsar accións que avancen na erradicación da violencia contra as mulleres.

Así, o 28 de marzo de 2019, o Goberno galego aprobou, no Consello da Xunta, un Plan de actuación para a implantación en Galicia de diversas medidas incluídas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, sendo, a difusión dos recursos existentes a disposición das vítimas e das súas fillas e fillos e outras persoas do contorno familiar clave para lograr un acceso igualitario aos mesmos e para mitigar, na medida da posible, as terribles situacións que a violencia de xénero orixina.





Con este fin, a Xunta de Galicia elaborou a Guía de recursos fronte á violencia de xénero en Galicia. Un documento que pretende achegar información dos servizos, programas e contactos das entidades que na comunidade autónoma integran a rede de apoio a vítimas a calquera persoa ou entidade interesada, así como facilitar e axilizar o traballo das e dos profesionais que acompañan e apoian ás mulleres que sofren violencia de xénero concentrando nunha única ferramenta a descrición dos mesmos.

Nesta Guía, polo tanto, pódese atopar información sinxela e directa dos recursos existentes na rede galega de apoio, clasificados segundo a área de que se trate: psicolóxica, social, xurídica, económica, laboral, etc.

A mesma, foi distribuída a todas as entidades que traballan directamente na prevención da violencia e na atención e protección das súas vítimas, como, oficinas xudiciais de atención ás vítimas, Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, a través das unidades de violencia de xénero das Subdelegacións do Goberno en Galicia, Centros de Información ás Mulleres, Entidades de iniciativa social e ONGs, Colexios profesionais, entre outros, estando tamén dispoñible online na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

En canto ao concreto da pregunta parlamentaria do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego sinalar que, o pasado 12 de abril, a Secretaría Xeral da Igualdade foi convocada, asistindo a súa titular, á reunión de coordinación, na Subdelegación do Goberno de Pontevedra, entre as autoridades implicadas na que se analizaron as circunstancias deste suceso. Así mesmo, destácase que a Xunta de Galicia actuou exactamente igual que en calquera outro caso, dentro do marco lexislativo autonómico.

Por outra banda, cómpre indicar que na Conferencia Sectorial de Igualdade, celebrada o pasado de 31 de marzo, a Xunta de Galicia solicitou a modificación da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, para incorporar todos os tipos de violencia contra as





XUNTA  
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

mulleres, en liña co que xa recollen o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e o Convenio de Istambul sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres.

